

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **Proposición para o seu debate no Pleno Municipal.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vindeiro ano 2016 cúmprese o 160 aniversario do Banquete de Conxo, a histórica xornada de convivencia entre estudantes e artesáns, concibida como unha celebración da igualdade entre as persoas e unha denuncia das formas e privilexios reinantes na sociedade e nos gobernos da época. Aquela cita, de marcado carácter progresista, é considerada tamén por algúns como un dos fitos iniciais do movemento galeguista, ao ter participado nela figuras clave do renacer cultural e político de Galicia, como Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal, Manuel Murguía, Paz Nóvoa ou Luís Rodríguez Seoane. Mesmo se fala da posible asistencia de Rosalía de Castro.

Segundo as escasas informacións que se dispoñen sobre aquel acontecemento, o Banquete celebrouse ao abeiro da mesta sombra da Carballeira de Conxo –por aquel tempo concello independente- na ribeira do río Sar, nun lugar indeterminado no linde dos terreos do mosteiro de Santa María, que fora habitado polos mercedarios ata a desamortización, e no que trinta anos despois se crearía o manicomio, xerme do actual Hospital Psiquiátrico integrado na rede do Servizo Galego de Saúde.

Durante décadas a existencia daquela xuntanza e, de forma especial, o lugar concreto da celebración, permaneceu no esquecemento para a inmensa maioría da veciñanza, non só do barrio de Conxo, senón do conxunto do Concello e de Galicia, ata que hai algo máis de dous anos un veciño do lugar deu a coñecer a súa posible localización –preto do lugar onde se conservan os restos dun belvedere e onde aínda perdura un grupo de vedraños carballos- e o abandono no que se atopaba. Pouco despois, en abril de 2014, o Pleno do Concello, a instancias do Bloque Nacionalista Galego, apoiaba por unanimidade a restauración dese espazo.

No acordo plenario acadado, condicionábase a actuación de recuperación ao remate das obras de canalización en execución por parte do Ministerio de Medio Ambiente para o saneamento do río Sar.

Agora, cando nos aproximamos ao remate das obras de canalización que afectan á canle fluvial e ao propio enclave, e cando nos imos achegando tamén á efeméride daquel feito histórico digno de lembranza, o Grupo Municipal do Partido Popular considera que é o momento axeitado para que o novo Goberno dea os pasos necesarios para recuperar o lugar, para o que presenta á consideración do Pleno o seguinte ACORDO:

***O Concello de Santiago, en colaboración coas administracións implicadas procederá a:***

- 1. Iniciar antes de que remate o ano actual as negociacións e medidas necesarias para acondicionar a zona do belvedere e o contorno fluvial próximo onde se puido celebrar no mes de marzo de 1856 o Banquete de Conxo.***
- 2. Facilitar o acceso público, instalar a sinalización e os elementos informativos que faciliten a e animen a visita do lugar.***
- 3. Incluír unha partida específica nos orzamentos municipais do vindeiro ano 2016 destinada a este fin.***
- 4. Programar ao longo do vindeiro ano actividades que axuden a lembrar o verdadeiro significado do Banquete de Conxo, no contexto da historia de Santiago e de Galicia.***

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2015



Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal Popular